



**Norma complementaria á xestión
de axudas
agroambiente e clima (medida 10.1)
e agricultura ecolóxica (medida 11)
incluídas no PDR de Galicia 2014-
2020.**



VERSIÓN	DATA	CAMBIOS RESPECTO A VERSIÓN ANTERIORES
1.00	08/09/15	Primeira versión do documento
2.00	21/12/15	Segunda versión do documento, que inclúe algunhas correccións e melloras, tales como: <ul style="list-style-type: none"> - Aprobación PDR por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015. - ORDE do 16 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 10 de marzo de 2015 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control. - Erros manifestos e erros tipográficos.
3.00	4/06/2016	Terceira versión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa publicación da: <ul style="list-style-type: none"> - ORDE do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.
4.00	3/03/2017	Cuarta versión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa publicación da: <ul style="list-style-type: none"> - ORDE do 31 de xaneiro de 2017 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.
5.00	24/02/2018	Quinta versión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa publicación da: <ul style="list-style-type: none"> - ORDE do 6 de febreiro de 2018 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.
6.00	20/11/2018	Sexta versión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa publicación do: <ul style="list-style-type: none"> - Real Decreto 1378/2018, de 8 de novembro, polo que se modifican os Reais Decretos 1075/2014, 1076/2014 e 1078/2014, todos eles de 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da Política Agrícola Común
7.00	05/02/2019	Sétima versión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa publicación da: <ul style="list-style-type: none"> -ORDE do 22 de xaneiro de 2019 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control



8.00	06/04/2020	Oitava revisión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa publicación da: ORDE do 12 de febreiro de 2020 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR2390 e MR239G)
9.00	07/05/2020	Novena revisión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa: ORDE do 4 de maio de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de febreiro de 2020 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control. Circular do Fega 12/2020 relativa ó establecemento de medidas excepcionais como consecuencia da Pandemia COVID-19 na xestión, seguimento e control da PAC.
10.00	01/04/2021	Décima revisión do documento, que inclúe os cambios relacionados coa: Orde do 15 de xaneiro de 2021 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239K, MR239G, MR239O, MR240D, MR241C e MR241D).

En aplicación de:

ORDE do 10 de marzo de 2015 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ó sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 48, do 11 de marzo).

ORDE do 16 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 10 de marzo de 2015 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 241, do 18 de decembro).

ORDE do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 20, do 1 de febreiro).

ORDE do 31 de xaneiro de 2017 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 22, do 1 de febreiro).

ORDE do 6 de febreiro de 2018 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural



suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 30, do 12 de febreiro).

ORDE do 22 de xaneiro de 2019 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 22, do 31 de xaneiro).

ORDE do 12 de febreiro de 2020 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 33, do 18 de febreiro).

Orde do 15 de xaneiro de 2021 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239K, MR239G, MR239O, MR240D, MR241C e MR241D).

Dítase a presente Instrución que contén aclaracións a determinados requisitos e compromisos que deben cumprir os beneficiarios das mencionadas axudas.

A.- Cuestións Xerais ou Elementos comúns.

A.1.- Liñas de base e condicionalidade.

As axudas de Agroambiente e clima e Agricultura Ecolóxica están obrigadas a cumprir ca condicionalidade (requisitos legais de xestión e boas condicións agrarias e medioambientais) e as liñas de base (requisitos mínimos obrigatorios) recollidas no anexo VIII da Orde do 15 de xaneiro do 2021.

O seu incumprimento xerará as reducións e sancións correspondentes en todas as medidas solicitadas (condicionalidade) e/ou nas liñas de axuda afectadas polas liñas base incumpridas.

Nalgúns casos, o incumprimento dun compromiso pode implicar o incumprimento da liña de base. Nestes casos, de acordo co indicado no punto 4.2 da Circular do Fega 32/2016 de Criterios para a aplicación de reducións, sancións e exclusións nas medidas de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014/2020, a penalización a aplicar será a maior.

A.2.- Aconsellamento específico.

O beneficiario destas axudas debe recibir o Aconsellamento dunha entidade inscrita no RESAXEGA antes do 01/01/2021 ou ca solicitude de inscrición presentada antes desa data sempre e cando quede finalmente inscrita con data límite 31 de marzo de 2021 (artigo 51 da Orde do 15 de xaneiro do 2021). Dito aconsellamento debe ser recibido polo beneficiario dende o inicio do ano en curso (dende o 01/01/2021 para esta campaña) .As entidades de aconsellamento estarán obrigadas á presentación do Anexo



IX da Orde do 15 de xaneiro do 2021 no Fogga con data límite 31 de xullo do ano de solicitude. Nel especificarán os solicitantes ós que prestan o servizo e o NIF e nome e apelidos do técnico/s que presta/n o servizo durante a campaña.

En caso de haber algún cambio (alta ou baixa de aconsellados ou técnicos tamén deberá ser comunicado ó Fogga antes do remate do ano en curso).

O incumprimento deste requisito implicará a exclusión destas axudas, entendéndose como tal, a denegación de todas as axudas solicitadas e o reintegro dos importes percibidos con anterioridade.

No caso de **beneficiarios incluídos na mostra de control de campo**, verificarase que o **aconsellamento** prestado sexa “**efectivo**”, e dicir:

- O beneficiario deberá ter o **caderno dispoñible** no momento do control de campo para que os inspectores podan verificar e o seu contido. No caso de dispor de caderno “vía web”, o solicitante deberá ter a disposición un ordenador, conexión a internet, impresora ou outros medios auxiliares, para que o inspector poda verificar os datos e obter unha copia do mesmo no momento da inspección.
- O caderno debe **conter os datos mínimos** do Anexo X da Criterios para a aplicación de reducións, sancións e exclusións nas medidas de desenvolvemento rural. Estes contidos deberán permitir facer os cálculos necesarios da % cumprimento dos compromisos ata o momento da inspección.
- O caderno debe **estar actualizado** como mínimo trimestralmente para gandeiras e semestralmente para explotacións agrícolas e apícolas. Isto significa que o caderno e/ou os restantes medios de proba (actas de visita da entidade de aconsellamento, facturas,...) deben evidenciar as visitas dos técnicos á explotación **dun xeito periódico** que abranguen momentos críticos ou significativos en canto á orientación da explotación, por exemplo: nas apícolas en primavera e tras a esmelga e nas gandeiras unha por trimestre. En resumo, deberán evidenciarse que os técnicos visitaron as explotacións un mínimo de **2 veces** ó ano e os motivos da visita (inicial, seguimento, colleita, asesoramento condicionalidade, comprobación de melloras implementadas,...).
- Os documentos de proba (caderno, actas de visita da entidade, ...) porán en evidencia, no caso de detectar algunha incidencia nalgún compromiso ou na condicionalidade, que o beneficiario foi informado/formado na materia onde se detecta a incidencia, polo que, de chegar a producirse un **incumprimento** nalgunha obriga, **non é causa** dunha ausencia ou deficiencia **no servizo de aconsellamento prestado**.

Os documentos de proba reflectiran o **aconsellamento ó longo de todo o ano** (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro). No caso de solicitantes incluídos na mostra de control terreo, estarán obrigados á **presentación** no SSTT do Fogga, o **caderno completo** (con datos dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano en curso) antes do 31 de xaneiro do ano seguinte, que permitan verificar inequivocamente o cumprimento dos compromisos ó longo de todo o ano, así como calquera outra documentación complementaria que lle sexa solicitada co para o mesmo fin (actas de visita, facturas,...). No caso de **beneficiarios que cambien de entidade na metade da campaña** verificarase tamén que o **aconsellamento** prestado sexa “**efectivo**”, de tal xeito que estarán obrigados á **presentación** no SSTT do Fogga, o **caderno/s**



completo/s (con datos dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano en curso) **antes do 31 de xaneiro** do ano seguinte, que permitan verificar inequivocamente o cumprimento dos compromisos ó longo de todo o ano, así como calquera outra documentación complementaria que lle sexa solicitada co para o mesmo fin (actas de visita, facturas,...)

Terase en conta os cambios de entidade de aconsellamento comunicados polos interesados ou que consten por calquera outro medio.

O incumprimento de recibir "**aconsellamento efectivo**" implicará:

- **Por parte do beneficiario:** penalizacións nas axudas do solicitante que poden dar lugar á exclusión e reintegro dos importes percibidos con anterioridade.
- **Por parte da entidade de aconsellamento:** poden ser susceptibles de suspensións do rexistro no RESAXEGA, derivado de responsabilidades subsidiarias como consecuencia das deficiencias encontradas nos controis sobre o terreo.

Faise constar que, no caso de *solicitantes incluídos na mostra de control terreo*, o controlador/inspector poderá efectuar, se o estima oportuno, un **preaviso** de visita ó interesado 24 horas antes. Dito preaviso **NON** será **obligatorio**, pois entenderase que é **obriga do solicitante destas axudas** ter á súa disposición caderno ou acceso ó caderno en todo momento, así como aqueles documentos complementarios (facturas, actas de visita, analíticas,...) que permitan a verificación dos datos contidos no mesmo, e a calidade do aconsellamento recibido.

Tras o exame in situ ou en gabinete do caderno, poderase **requirir** ó solicitante que **enmenden** o mesmo, naqueles puntos que se estimen necesarios, como por exemplo, ausencia de unidades de xestión homoxénea, plan de accións para corrección de incidencias detectadas,...

Non se procederá ó pago do expediente que corresponda **ata que ditas emendas sexan aplicadas**.

Dada a declaración do estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020 limitando a libre circulación das persoas, enténdese que os compromisos a cumprir referentes ó "aconsellamento efectivo" puideron verse afectados polo mesmo. Considerase polo tanto, que o número de visitas á explotación por parte dos técnicos da entidade de aconsellamento puido verse afectado, sendo necesarias 2 visitas á explotación durante o ano natural 2021 para a correcta xustificación do servizo prestado pola entidade.

A.3.- Lodos de depuradora.

O beneficiario destas axudas non aplicará lodos na integridade da superficie da súa explotación.

O control deste requisito de admisibilidade farase tanto a nivel de solicitante (nif/cif) como a nivel de parcelas (recintos autorizados para aplicar lodos), se constara dado de alta como autorizado (solicitante ou parcela) considerarase incumprimento.



O incumprimento de dito requisito implicará a exclusión destas axudas, entendéndose como tal, a denegación de todas as axudas solicitadas e o reintegro dos importes percibidos con anterioridade.

A.4.- Carga gandeira.

Para o cómputo da carga gandeira da explotación terase en conta:

- Unidades de Gando Maior (UGM): utilizarase un valor medio calculado a partir dos censos gandeiros das especies de bovino, ovino, cabrún ou equino presentes na explotación en seis datas do ano de solicitude. Para iso seleccionárase aleatoriamente un día do mes, e os censos gandeiros presentes na explotación nese día de cada un dos 6 primeiros meses do ano (xaneiro - xuño) serán os que se teñan en conta para calcular o valor medio. Os censos obteranse do Rexistro de explotacións gandeiras (Rega). No caso de existir un control sobre o terreo, que se fará na segunda metade do ano, farase un conteo de animais para verificar a súa coherencia cos censos utilizados para o cálculo do valor medio. Considerarase que o conteo é coherente se está dentro do rango definido polos 6 censos que tomamos para o cálculo do valor medio. Se non é así, entónces o dato do conteo pode ser superior ou inferior a dito rango:

- Se o conteo é superior, entónces cambiarase polo valor máis elevado dos 6 considerados e logo determinarase as UGM medias.
- Se o conteo é inferior, entónces cambiarase polo valor máis baixo dos 6 considerados e logo determinarase as UGM medias.

O número de animais converterase a UGM da seguinte maneira:

-Equinos > 6 meses = 1,0 UGM.

-Bovinos > 2 anos = 1,0 UGM.

-Bovinos de 6 meses a 2 anos = 0,6 UGM.

-Bovinos < 6 meses = 0,4 UGM.

-Ovinos e cabrúns = 0,15 UGM.

Non se terá en conta por tanto, o gando porcino e aves. Terase en conta o gando trashumante das especies equino, bovino, ovino e cabrún.

- Superficie forraxeira da explotación. Será a superficie agraria da explotación dedicada a pastos ou a cultivos destinados á produción de forraxe para alimentación animal, incluídas as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a cultivo mixto, dispoñible durante todo o ano natural para a cría de bovinos, ovinos, cabrúns ou equinos.

No caso de facer trashumancia deberá declararse toda a superficie de pastos para o período de trashumancia, incluídos os de fóra de Galicia.

Os produtos declarativos que poden estar destinados á produción de forraxe para a alimentación animal que computarían para o cálculo da superficie forraxeira son os seguintes:



Cód. Produto	Produto
4	MILLO (Ver tipos)
7	SORGO
33	XIRASOL (Ver variedades)
43	ALTRAMUZ DOCE (Ver variedades)
52	VEZA (Ver variedades)
53	YEROS (Ver variedades)
60	ALFALFA (Ver variedades)
63	PASTOS de menos de 5 anos
64	PASTIZAL DE 5 OU MAIS ANOS
65	PASTO ARBUSTIVO DE 5 OU MAIS ANOS
66	PASTO ARBORADO DE 5 OU MAIS ANOS
67	ESPARCETA (Ver variedades)
68	FESTUCA
69	RAYGRAS PERENNE (<i>Lolium perenne</i> L. X <i>boucheanum</i> Kunth.)
70	AGROSTIS
71	ARRHENATHERUM
72	DACTILO
73	FLEO
74	POA
77	TREBO
78	RAYGRAS ANUAL (<i>Lolium multiflorum</i> LAM. and hybrids)
241	MISTURA VEZA - AVEA
242	MISTURA VEZA-TRITICALE
243	MISTURA VEZA-TRIGO
244	MISTURA VEZA-CEBADA
245	MISTURA ZULLA - AVEA
246	MISTURA ZULLA - CEBADA
247	CULTIVOS MIXTOS DE ESPECIES PRATENSES
298	MISTURA GUISANTE-CEBADA
299	MISTURA GUISANTE-AVEA
328	PASTO DEL SUDÁN
336	MISTURA ALGARROBAS - AVEA
337	MISTURA ALGARROBAS -CEBADA
338	MISTURA VEZA - RAYGRAS
339	MISTURA YEROS - AVEA
340	MISTURA YEROS - CEBADA
342	OTRAS MEZCLAS CON PREDOMINANCIA CFN
904	CROTALARIA JUNCEA



Non se considerará superficie forraxeira, os pastos arbustivos ou arborados nos que a actividade declarada sexa “roza” pois ditas superficies non están dedicadas á produción de forraxe para a alimentación animal durante o ano en curso.

O cálculo da carga gandeira será o resultante de dividir as UGM da explotación entre a superficie forraxeira da mesma e deberá quedar dentro do rango de 0,7-2 UGM/ha para as liñas de Agroambiente e clima onde a carga gandeira sexa un compromiso e non superior a 2 UGM/ha nas axudas de Gandería ecolóxica.

Para o caso de novas incorporacións (agricultores xoves), non será de excepción o cumprimento da carga gandeira. No caso de non cumprir a carga poderá solicitar as axudas cando a incorporación do gando á explotación permita cumprir ditas cargas.

A.5.- Agricultor activo.

Este requisito é de aplicación na medida de Agricultura ecolóxica. O cumprimento do mesmo verificarase do modo que se estableza na correspondente Circular de coordinación do FEAGA “Criterios para el cumplimiento de la figura de Agricultor Activo y del control previo de la actividad agraria 25/2019”.

A.6.- Obrigatoriedade da solicitude de pago.

Durante os 5 anos que dura o compromiso o beneficiario debe solicitar anualmente o pago das mencionadas axudas.

Faranse controis dirixidos aos beneficiarios con compromisos plurianuais que non presentaran a solicitude de pago e/ou que non esta debidamente xustificado o mantemento de ditos compromisos trala realización dos controis administrativos.

De demostrarse incumprimento grave, falsidade, intencionalidade e negligencia o beneficiario quedará excluído da medida ou liñas comprometidas durante o ano natural e seguinte no que se detectara o incumprimento. Solicitarase ademais, o reintegro de importes percibidos en anos anteriores.

Para o caso dos beneficiarios das solicitudes de pago vinculadas a compromisos iniciados e aprobados ó amparo da Orde do 10 de marzo de 2015 pola que se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e gandería e ás axudas suxeitas ó desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 48, de 11 de marzo), **prorrógase unha anualidade** o compromiso. Os beneficiarios que queiran acollerse a dita prórroga (artigo 49 a) e b) da Orde de axudas 2021), deberán formalizar a súa solicitude de pago nesta campaña. De non a formalizar a solicitude, daranse por rematados os seus compromisos na campaña 2020.

Entenderase por prórroga da axuda, ao compromiso adquirido no ano da aprobación inicial da mencionada axuda (n-5) para a **totalidade da explotación** (mesmas unidades comprometidas (superficie, animais ou colmeas).

Non serán admisibles aquelas solicitudes que:

- comprometan parte da explotación,



- as unidades solicitadas sexan inferiores ó 90% do compromiso inicial,
- a solicitude amose diferenzas significativas co compromiso inicial que impidan o incumprimento dos compromisos adquiridos no ano n-5 (cambios de orientación produtiva, cambios de liña de axuda,...)

A.7.- Ampliación de compromisos.

Non serán admisibles solicitudes para iniciar nin ampliar compromisos no caso das axudas de agroambiente e clima e agricultura ecolóxica.

A.8.- Alcance da verificación do cumprimento dos requisitos, compromisos ou outras obrigas.

Os requisitos verificables a través de superficies (non aplicación de lodos de depuradora) e as liñas de base verificaranse en **todas as parcelas da explotación**, non solo na superficie comprometida (superficie ligada a pago).

Na medida de Agroambiente e clima, os compromisos aplicaranse sobre superficies (ha) non sobre parcelas concretas e polo tanto as parcelas da explotación poderán variar durante os anos que duran os compromisos.

Ademais, nas submedidas de Xestión sustentable de pastos e Extensificación do vacún de leite os compromisos verificables a través de superficie (parcelas) verificaranse en **todas as parcelas agrícolas da explotación**, non solo na superficie comprometida (superficie ligada a pago).

Na medida de Agricultura ecolóxica, os compromisos aplicaranse a parcelas fixas (has de parcelas comprometidas), é dicir, non se poden intercambiar parcelas durante os anos que duran os compromisos.

Aos beneficiarios da campaña 2015, 2016 e 2017 de liñas ecolóxicas, faráselles unha comprobación de mantemento da actividade produtiva nas parcelas comprometidas, e dicir, na campaña 2021 deberá solicitar a axuda polas mesmas parcelas que o ano anterior e demostrar nelas actividade ecolóxica (non se considerará o mantemento do compromiso se a parcela está na súa totalidade a improdutivo ou outros usos non agrícolas).

Esta verificación será independente do cómputo da superficie comprometida (Has) a efectos de pago.

Todos os compromisos consideraranse Excluíntes a nivel de aprobación inicial (ano de inicio do compromiso plurianual). A nivel de pago considerase cada un deles coa tipificación exposta no documento de "Tipificación de compromisos" e aplicarase a penalización que corresponda no pago da axuda solicitada.

A.9.- Renuncia ás axudas.

Permitiranse renuncias ás medidas ou submedidas solicitadas. Dita renuncia dará lugar (salvo causa de forza maior) á exclusión do programa e ó reintegro dos pagos percibidos ata o momento, se esta renuncia é posterior a resolución aprobatoria.



A.10.- Transferencias de compromisos /Cesións de explotacións.

Para a campaña actual (2021) contémpanse transferencias dos compromisos adquiridos no 2020.

A Orde do 15 de xaneiro do 2021 contempla no artigo 29 as condicións en que deben realizarse as cesións de explotación ligadas a cambios de titularidade.

Tal e como enumera no apartado 5 do mencionado artigo, NON se terán en conta as transferencias parciais de compromisos ligadas a transferencias dunha parte da explotación, quedando unicamente contempladas as transferencias totais de compromisos ligadas a cambios de titularidade das explotacións, se verificará que o cambio de titularidade da explotación teña asociado a transmisión de terras e gando procedentes do cedente.

As axudas solicitadas polo cedente concederánselle a persoa cesionaria sempre que:

- a) A persoa cedente presente, antes do 30 de setembro de 2021, unha comunicación, según o modelo do Anexo XIII, dirixida á persoa titular da Dirección do Fogga. A presentación desta comunicación farase unicamente por medios electrónicos á través do formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (procedemento MR239G), de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 12 de outubro. Neste procedemento os trámites administrativos posteriores ó de presentación desta comunicación deberán ser realizados a través da Carpeta do cidadán dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Xunto con esta comunicación a persoa cedente deberá presentar:

- Documento de cambio de titularidade da/s explotacións cedida ao cesionario.
- Acordo de cesión firmado entre as persoas cedente e cesionaria según o modelo do Anexo XIII-A.
- Documento/s de autorización de firma/s conforme o indicado no apartado d) do epígrafe A do anexo I.

A documentación complementaria deberá presentarse conforme ao indicado nos apartados 3 e 4 do artigo 12.

- b) Se cumpran todas as condicións para a concesión da axuda respecto da explotación cedida.

A.11.- Criterios de prioridade.

Os criterios de prioridade que se aplican para a concesión destas axudas, contémpanse nos artigos 74 e 87 da Orde do 15 de xaneiro do 2021.

A.12.- SIE (Superficies de interese ecolóxico).



Os produtos considerados como superficies de interese ecolóxico (SIE) non serán primables en ningún caso para estas axudas.

Son os produtos 20, 21, 23, 24, 25, 34, 40, 41, 43, 49, 50, 51, 52, 53, 60, 61, 67, 76, 77, 87, 180, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 244, 245, 246, 248, 249, 250, 298, 299, 334, 336, 337, 338, 339, 340, 342, 500, 600, 700, 800 e 904.

A.13.- Período Principal de Cultivo (PPC)

Cando o beneficiario declare nun recinto ademais dun cultivo principal un **cultivo secundario**, para os efectos destas axudas terase en conta para ese recinto o produto declarado que sexa distinto do grupo de “herbas e outras forraxes herbáceas”. No caso de que sexan deste mesmo grupo manterase o declarado como principal.

Código	Producto
63	Pastos de menos de 5 años
68	Festuca
69	Raygrass Perenne (<i>Lolium perenne L. x boucheanum Kunth.</i>)
70	Agrostis
71	Arrhenatherum
72	Dáctilo
73	Fleo
74	Poa
78	Raygrass Anual (<i>Lolium multiflorum LAM. And hybrids</i>)
139	Hierba Cinta (<i>Phalaris arundinacea L.</i>)
140	Abaca Alias Manila (<i>Musa textilis Née</i>)
141	Kenaf (<i>Hibiscus cannabinus L.</i>)
241	Mezcla veza- avena
242	Mezcla veza- triticales
243	Mezcla veza-trigo
244	Mezcla veza-cebada
245	Mezcla zulla-avena
246	Mezcla zulla-cebada
247	Cultivos mixtos de especies pratenses
298	Mezcla guisante-cebada
299	Mezcla guisante- avena
336	Mezcla algarrobas-avena
337	Mezcla algarrobas -cebada
338	Mezcla veza-raygrass
339	Mezcla yeros-avena
340	Mezcla yeros-cebada
342	Otras mezclas con predominancia CFN



B.- Medida de Agroambiente e Clima.

B.1.- Incompatibilidade entre liñas.

As liñas desta medida, salvo Razas autóctonas en perigo de extinción, son incompatibles cas liñas da medida de Agricultura ecolóxica. Ademais, as liñas de Xestión sostible de pastos e Extensificación do vacún de leite son incompatibles entre sí.

Non será posible facer un cambio de prima/submedida. O compromiso formalizado no primeiro ano de solicitude debe manterse por 5 anos. Por exemplo: Extensificación do vacún de leite; implica manter a orientación produtiva (vacún de leite) os 5 anos que dura o compromiso.

No caso dunha explotación leiteira que teña previsto un cambio de orientación produtiva a vacún de carne dentro do período dos 5 anos que dura o compromiso, deberá solicitar a liña de Xestión sostible de pastos, pois de solicitar Extensificación de vacún de leite non poderá cumprir os compromisos durante todos os anos do compromiso. Dito incumprimento incorrería en penalizacións que poderían dar lugar á exclusión da axuda e ó reintegro dos pagos percibidos.

B.2.- Apicultura para a conservación da biodiversidade en zonas con limitacións naturais.

1.- Manter un mínimo de 100 colmeas en municipios de Galicia designados como zonas de montaña (Anexo IV da Orde do 15 de xaneiro do 2021) e distribuídas en ó menos 2 alvarizas. Polo tanto,

- Non se pagarán colmeas situadas en alvarizas en zonas non designadas de montaña.
- Non se pagará a axuda se as colmeas non están distribuídas en ó menos 2 alvarizas.
- Non se pagará a axuda si non se mantén un mínimo de 100 colmeas activas.
- Tamén debe terse en conta qua as alvarizas deben figurar correctamente inscritas no Rexistro apícola (a tolerancia para a validación das alvarizas é de 100 m en cada coordenada) para ser primables.

2.- Manter como mínimo as colmeas comprometidas durante os anos que dura o compromiso. A estes efectos consideraranse comprometidas e primables un máximo de 80 colmeas por alvariza.

- Non se pagarán máis de 80 colmeas por alvariza (aínda que teña máis) Manterase como mínimo as colmeas comprometidas. Non manter as colmeas comprometidas implicará unha penalización na axuda que poderá supoñer ata o 100% da mesma se o número de colmeas activas é inferior a 100. Este compromiso verificarase tendo en conta como máximo as colmeas comprometidas da campaña inicial.

3.- A distancia entre alvarizas do mesmo beneficiario será polo menos de 1 Km.



- Non se pagarán as colmeas de alvarizas situadas a unha distancia (medida en liña recta a través de coordenadas) inferior a 1km entre sí. Exemplo: Se dúas alvarizas se sitúan a 990 m. entre sí, non se pagarán as colmeas de ningunha delas, ou dito doutro modo, as alvarizas nunca van ter colmeas primables nin se considerarán comprometidas. Ademais se por non manter este compromiso non se manteñen as colmeas comprometidas inicialmente, producirase unha penalización.

B3.- Razas autóctonas en perigo de extinción.

1.- Dispoñer de máis de 5 UGM primables dunha ou varias das razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción.

A efectos do pago desta axuda computaranse os animais das seguintes razas autóctonas en perigo de extinción:

- Bovino: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa.
- Ovino: Ovella galega.
- Cabrún: Cabra galega.
- Equino: Cabalo de Pura Raza Galega.
- Porcino: Porco celta.
- Aves: Galiña de Mos.

Para ser primables (computarse a efectos de UGM), os animais destas razas deben estar inscritos no correspondente Libro da Raza. O máximo de UGM primables virá limitado polos animais que o 1/01/2021 cumpran o anterior e se encontren na explotación do solicitante. Ditos animais converteranse a UGM segundo as seguintes equivalencias:

Equinos de > 6 meses = 1 UGM
Bovinos de > 24 meses = 1 UGM
Bovinos entre 6 e 24 meses = 0,6 UGM
Bovinos < 6 meses = 0,4 UGM
Ovinos e cabrúns = 0,15 UGM
Porcas de cría > 50 Kg. = 0,5 UGM
Outros porcos = 0,3 UGM
Galiña de Mos = 0,03 UGM

Non se farán pagos si o resultado do cómputo total de UGM primables das razas mencionadas anteriormente é inferior ou igual a 5 UGM.

2.- Cando se trate de especies de bovino, equino, ovino e cabrún, debe manterse a carga gandeira da explotación entre 0,7 e 2 UGM/ha, calculando esta tal e como se describe no apartado A.4.

O gando porcino e as aves da explotación non computarán a efectos de carga gandeira nestas axudas.



3.- Manter como mínimo as UGM comprometidas durante os anos que dura o compromiso.

Para verificar dito cumprimento comprobarase anualmente as UGM presentes en dúas datas do ano (unha a principios e outra a finais), tendo en conta de ser o caso a ampliación solicitada.

Non manter as UGM comprometidas implicará unha penalización na axuda que poderá supoñer ata o 100% da mesma se o nº de UGM é inferior ou igual a 5.

4.- Participar no programa de mellora xenética da raza.

Enténdese como tal, o cruce en pureza dos animais da raza. Para a verificación de dito compromiso terase en conta a certificación emitida por parte do Libro xenealóxico da raza así como as evidencias atopadas en campo.

O incumprimento de dito compromiso nunha ou máis razas, dará lugar a unha penalización que afectará a todas as UGM (non solo ás UGM da raza que non cruza en pureza).

B.4.- Xestión sustentable de pastos e Extensificación do vacún de leite.

1.- Dispoñer dun mínimo de 10 ha de superficie forraxeira indemnizable.

Considerarase superficie forraxeira indemnizable a superficie forraxeira situada no municipio da explotación ou limítrofes sempre e cando sexan municipios de Galicia. No caso de haber máis dunha explotación consideraranse as superficies existentes nos municipios limítrofes de cada unha (de cada REGA).

Para o cálculo da superficie forraxeira indemnizable NON se consideraran:

- As superficies de uso común.
- As superficies de interese ecolóxico (SIE) indicadas no artigo 24.2 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, modificado polo Real Decreto 27/2018, de 26 de xaneiro e polo Real Decreto 1378/2018, de 8 de novembro, pola que se modifican os Reais Decretos 1075/2014, 1076/2014 e 1078/2014, de 19 de decembre, ditados para a aplicación en España da Política Agrícola Común.:
 - As terras en barbeito.
 - As superficies dedicadas a cultivos fixadores de nitróxeno que se enumeran no Anexo VIII.
 - As superficies forestadas de conformidade co artigo 31 do Regulamento (CE) 1357/1999, artigo 43 do Regulamento (CE) 1698/2005 e co artigo 22 do Regulamento (UE) 1305/2013..
 - As superficies dedicadas a agrosilvicultura que reciban ou recibiran axudas segundo o Regulamento (CE) 1698/2005 e/o Regulamento (UE) 1305/2013.
 - As superficies con *Miscanthus*.
 - As superficies con *Silphium perfoliatum*.
 - As terras de barbeito para plantas melíferas (especies ricas en polen e néctar).



Os requisitos e condicións que deberán cumprir estas categorías de SIE detállanse no anexo VIII.

- As superficies de pastos arbustivos e pastos arborados na liña de Extensificación do vacún de leite (para Xestión sustentable de pastos sí se terán en conta).

No caso de Xestión sustentable de pastos, e a efectos de pago, ás superficies de pastos arbustivos e pastos arborados aplicaráselles un coeficiente redutor de 0,30 ao importe unitario da axuda. Exemplo: unha explotación con 9 ha de prado e 1 ha de PR cumpriría o mínimo de superficie indemnizable e a efectos de pago 9 ha recibirían 120 €/ha e 1 ha recibiría 36 €/ha.

2.- Manter unha carga gandeira mínima de 0,7 UGM/ha e máxima de 2 UGM/ha.

O cálculo da carga gandeira da explotación farase segundo o descrito no apartado A.4.

3.- Manter a superficie forraxeira comprometida durante os anos que dure o compromiso.

Deberase manter a superficie forraxeira comprometida durante os 5 anos que dura o compromiso (non as parcelas).

O número de has poderá reducirse respecto da superficie comprometida inicialmente como máximo un 10%. Unha redución maior implicará un 100% de penalización na axuda.

4.- Non implantar cultivos nas superficies con pendentes maiores ó 10%, excepto para establecer prados ou rexenerar o pasto.

En recintos con pendentes superiores ó 10% non se poderán establecer cultivos herbáceos salvo pastos.

Os códigos dos cultivos herbáceos (produtos) considerados que NON se poden implantar son os seguintes:

- 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 19, 33, 34, 35, 36, 40, 41, 43, 49, 50, 51, 53, 60, 61, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 96, 97, 98, 99, 121, 138, 151, 152, 153, 154, 155, 156, 157, 158, 159, 160, 162, 163, 164, 165, 166, 167, 168, 169, 170, 171, 172, 173, 174, 175, 176, 177, 178, 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186, 187, 188, 189, 190, 191, 192, 193, 194, 197, 198, 219, 220, 222, 223, 236, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 244, 245, 246, 248, 249, 250, 251, 252, 253, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, 265, 266, 267, 268, 269, 270, 271, 272, 273, 274, 275, 276, 277, 298, 299, 302, 303, 304, 305, 306, 307, 308, 309, 310, 311, 312, 313, 314, 315, 316, 317, 318, 319, 320, 321, 322, 323, 324, 325, 326, 327, 334, 336, 337, 338, 339, 340, 341, 342 e 904.

Tendo en conta as condicións particulares de Galicia, como son:

- que as explotacións soen ter unha horta de autoconsumo que normalmente se traballa manualmente,
- que o tamaño medio das parcelas é pequeno,
- que nun período corto de tempo rexenerase a cuberta vexetal (debido ao clima),



considerarase que este compromiso se incumpre se existe unha superficie superior a 0,5 ha por beneficiario de recintos con pendentes superiores ó 10% nos que existan cultivos herbáceos distintos de pastos.

Esta tolerancia considerarase plenamente xustificada polas condicións antes indicadas, por non afectar ó logro do obxectivo deste compromiso e ademais, porque a BCAM 5, que é a liña de base deste compromiso, prevé unha tolerancia aínda maior para as parcelas de pequeno tamaño ao establecer que "...non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima non sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional se determinen e autoricen pola Administración competente aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren axeitadas. En tódolos supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible, para evitar que o solo poda verse afectado pola erosión."

Este compromiso está ligado ca liña de base BCAM5 para cultivos herbáceos. O incumprimento do compromiso sempre dará lugar ó incumprimento da liña de base, e polo tanto a penalización a aplicar será a do compromiso por ser maior.

5.- Pastoreo.

Enténdese como pastoreo a práctica de manexo consistente en alimentar a dente ós animais da explotación.

Esta exigencia debe ser unha práctica habitual nas explotacións beneficiarias, e polo tanto, entenderase como tal, o pastoreo con toda a cabana gandeira da explotación e ó longo de todo o ano.

En concreto, nas explotacións de vacún de leite, onde o pastoreo é habitual por lotes (xovencas e vacas secas), non se considerará cumprido o compromiso si o pastoreo non se fai tamén cas vacas en produción.

No caso de explotacións mixtas (con gando de varias especies) ou de explotacións de bovino con animais de aptitude láctea e cárnica, o pastoreo entenderase cumprido se se pastorea con todas as especies e con todos os animais sexa cal sexa a súa aptitude (láctea ou cárnica).

Tan só se exceptuarán do pastoreo ó gando porcino e as aves e o bovino destinado ao cebo (con un acabado posterior ao destete e previo á venda).

A efectos da verificación no campo do cumprimento de pastoreo, terase en conta a época do ano na que se realice o control. Nos meses máis cálidos de verán e nos máis fríos de inverno o pastoreo vai a estar limitado pola dispoñibilidade de pastos e polas inclemencias meteorolóxicas. Dita excepción ou observación, non exime do cumprimento do mesmo, que se verificará a través do calendario de pastoreo e as evidencias "in situ" de dita práctica.



Considerarase unha evidencia “in situ” o pastoreo con todo o rabaño no momento da visita.

No caso de non pastorear con todo o rabaño no momento da visita, poderase solicitar ó beneficiario que conduza a todo ou parte do rabaño a unha parcela de pasto próxima a explotación, para que o inspector poda pronunciarse si é unha práctica habitual ou non no manexo da explotación.

Tamén se considerarán para a verificación do compromiso, as evidencias de pastoreo recente nas parcelas visitadas (cercados, bebedoiros, dexecións,...) e contrastaranse con elas, as anotacións máis recentes do caderno. Estas verificacións pódense completar comprobando a existencia de pastores eléctricos na explotación.

5.1. Pastoreo na liña de Xestión sustentable de pastos

O pastoreo debe ocupar polo menos o **70%** da superficie de prados e pastos permanentes da explotación para o caso de Xestión sustentable de pastos.

Para o cálculo da superficie total de prados e pastos teranse en conta los seguintes produtos:

Código	Produto
63	Pastos de menos de 5 anos
68	Festuca
69	Raygrass
70	Agrostis
71	Arrhenatherum
72	Dáctilo
73	Fleo
74	Poa
77	Trevo
78	Raygras anual (Lolium multiflorum LAM. and hybrids)
247	Cultivos mixtos de especies pratenses
64	Pastizal de 5 ou máis anos
65	Pasto arbustivo de 5 ou máis anos
66	Pasto con arborado de 5 ou máis anos

5.2. Pastoreo na liña de Extensificación do vacún de leite

O pastoreo debe ocupar polo menos o **50 %** da superficie de prados (temporais e permanentes) da explotación para o caso de Extensificación de vacún de leite.

Non se computarán a efectos de pastoreo as superficies de pastos arbustivos e pastos con arborado. E dicir, para o cálculo da superficie total de prados teranse en conta os seguintes produtos



Código	Produto
63	Pastos de menos de 5 anos
68	Festuca
69	Raygrass
70	Agrostis
71	Arrhenatherum
72	Dáctilo
73	Fleo
74	Poa
77	Trevo
78	Raygras anual (Lolium multiflorum LAM. and hybrids)
247	Cultivos mixtos de especies pratenses
64	Pastizal de 5 ou máis anos

6.- Superficie de millo e outros cultivos forraxeiros.

A superficie de millo e outros cultivos forraxeiros está limitada para estas axudas.

No caso de Xestión sustentable de pastos, a superficie de millo e outros cultivos forraxeiros (distintos de prados de menos de 5 anos) ha de ser menor ou igual al **20 %** da superficie forraxeira da explotación.

No caso de Extensificación do vacún de leite, debe ser menor ou igual ó **25%** da superficie forraxeira da explotación (excluíndo o pasto arbustivo e o pasto con arboredo).

Os cultivos declarativos considerados para a verificación destes compromisos son os seguintes:

Código	Nome
4	Millo
7	Sorgo
33	Xirasol
43	Altramuz dulce
52	Veza
53	Yeros
60	Alfalfa
67	Esparceta
68	Festuca
69	Raygras
70	Agrostis
71	Arrhenatherum
72	Dactilo





73	Fleo
74	Poa
77	Trevo
78	RAYGRAS ANUAL (<i>Lolium multiflorum</i> LAM. And hybrids)
139	HIERBA CINTA (<i>Phalaris arundinacea</i> L.)
140	ABACA ALIAS MANILA (<i>Musa textilis</i> Née)
141	KENAF (<i>Hibiscus cannabinus</i> L.)
241	Mezcla veza - avena
242	Mezcla veza-triticales
243	Mezcla veza-trigo
244	Mezcla veza-cebada
245	Mezcla zulla - avena
246	Mezcla zulla - cebada
247	Cultivos mixtos de especies pratenses
330	Elemento da paisaxe
904	Crotalaria juncea

7.- Caderno de Explotación.

Os beneficiarios destas axudas deberán manter actualizado un caderno de explotación co rexistro das actuacións de pastoreo co contido mínimo que se indica no anexo XII da Orde de axudas.

- Non dispoñer do caderno no momento da visita, que este non teña o contido mínimo do anexo XI ou está sen cumprimentar implicaría a penalización do 100% da axuda do ano en curso.
- Non conter rexistros de pastoreo recentes ou non estar debidamente actualizado implicará tamén unha penalización.

8.- Extensificación do vacún de leite; mantemento da orientación produtiva.

As UGM correspondentes ós animais de máis de 12 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente leiteira deben ser, polo menos, o 70% do total das UGM da explotación.

A clasificación zootécnica da explotación que solicite esta liña de axuda debe ser "Reproducción para a produción de leite".

De acordo co indicado no Anexo II da Orde do 15 de xaneiro do 2021, as razas de bovino consideradas de aptitude eminentemente leiteira son as seguintes :

- *Angler Rotvieh (Ageln) - Rød dansk mælkerace (RMD). - German Red - Lithuanian Red*
- *Ayreshire.*
- *Armoricaïne.*
- *Bretonne Pie- noire.*
- *Frisona*



- *Groninger Blaarkop.*
- *Guernsey.*
- *Jersey.*
- *Malkeborhorn.*
- *Reggiana.*
- *Valdostana nera.*
- *Itäsuomenkarja.*
- *Länsisuomenkarja.*
- *Pohjoissuomenkaja.*

No caso das explotacións con clasificación zootécnica “Reproducción para a produción de leite”, tamén se computarán como raza de aptitude eminentemente leiteira os animais do conxunto mestizo de dita explotación.

Isto implica que, o beneficiario da axuda de Extensificación non poderá cambiar de orientación produtiva/cambiar de prima na súa explotación ó longo do período de compromisos, tal e como se indicou no apartado B.1. (Incompatibilidade entre liñas).

Unha explotación de vacún de leite ou mixta podería solicitar a liña de Xestión sustentable de pastos e cumprir os seus compromisos sen ningunha limitación en canto ás UGM de leite.

C.- Medida de Agricultura Ecolóxica.

C.1.- Incompatibilidade entre liñas.

A medida de Agricultura Ecolóxica será incompatible cas liñas da medida Agroambiente e Clima, salvo para a liña de Razas autóctonas en perigo de extinción.

A liña de Conversión á Agricultura ecolóxica será incompatible ca liña de Mantemento da Agricultura ecolóxica.

A duración máxima da liña de Conversión será de 2 anos en cultivos anuais e pastos e 3 para cultivos permanentes. A partir de aquí entenderase o compromiso como Mantemento da Agricultura ecolóxica o número necesario de anos ata completar o período de 5.

Tendo en conta que o último ano de aprobación destas axudas foi o 2017, este ano NON se poderán solicitar axudas de Conversión (salvo para o caso dos cultivos permanentes en Agricultura Ecolóxica) pois o prazo de Conversión xa tería rematado.

C.2.- Conversión/Mantemento da Agricultura ecolóxica.

Os solicitantes cuxo período de conversión en tódalas unidades de produción da súa explotación (superficies e colmeas) finalice a partir do 1 de xullo, incluído, do ano da solicitude de pago, poderán solicitar a axuda de conversión.



Se o seu período de conversión nalgunha unidade de produción finaliza antes do 1 de xullo deberán solicitar a axuda de mantemento.

Exemplo:

Unha explotación que ten gandería ecolóxica (vacún de carne) e agricultura (castaños) cuxo período de conversión das súas superficies forraxeiras finalizara antes do 1 de xullo de 2020 (salvo en 5 parcelas) e as superficies dedicadas a castaños finalicen o período de conversión o 30 de xuño de 2021 (todas menos 2 que finalizan o 10 de setembro de 2021), deberá solicitar:

- Mantemento de Gandería ecolóxica.
- Mantemento de Agricultura ecolóxica.

1.- Empregar as técnicas de agricultura ecolóxica durante todo o ano natural.

Verificarase o cumprimento durante todo o ano da seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento 2018/848, do Parlamento Europeo e o Consello, de 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello. (aplicable dende o 1 de xaneiro do 2021)
- Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos.
- Regulamento (CE) nº 889/2008 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento 834/2007.
- Normas Técnicas do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

2.- Estar inscrito no Rexistro xeral de operadores de agricultura ecolóxica ("REXOE").

Dita inscrición deberá estar realizada antes do 01/01/2021.

3.- Obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento.

Verificarase que durante o ano natural da solicitude o beneficiario dispoña da certificación para expedir a súa produción como Ecolóxica (que non estea suspendido ou cause baixa no CRAEGA).

Non ter esta acreditación implicará unha penalización do 100% da axuda.

4.- Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso.

O número de has a que se aplicará un compromiso poderá reducirse como máximo un 10%. Unha redución maior implicará unha penalización do 100% na axuda.

Non obstante, os compromisos adquiridos son sobre parcelas fixas, o que implicará o mantemento das técnicas de agricultura ecolóxica en todas e cada unha delas ó longo dos 5 anos que dura o compromiso.



Exemplo:

Un agricultor de castaños ecolóxicos que nunha campaña non declara ou non certifica unha parcela (a súa produción), si esta representa máis do 10% da superficie comprometida tería unha penalización do 100% na axuda. Se non representa máis do 10% unicamente deixaría de cobrar a axuda correspondente a esa superficie.

5.- Manter actualizado un caderno de explotación.

Los beneficiarios destas axudas deberán manter actualizado un caderno de explotación para efectos dun control das producións. Este caderno terá o contido mínimo que se indica no anexo XII da Orde de axudas.

- Non dispoñer do caderno no momento da visita, que este non teña o contido mínimo do anexo XI ou estea sen cumprimentar implicaría a penalización do 100% da axuda do ano en curso.
- Non conter as anotacións suficientes que impidan un control das producións ou non estar debidamente actualizado implicará tamén unha penalización.

C.3.- Gandería Ecolóxica.

A efectos de pago, consideraranse indemnizables as superficies situadas no concello da explotación ou limitrofes.

C.4.- Apicultura ecolóxica.

1.- Manteranse as colmeas comprometidas, durante os anos que dura o compromiso, que como mínimo serán 80.

- Non se pagarán máis de 80 colmeas por alvariza.
- Manteranse como mínimo as colmeas comprometidas. Non manter as colmeas comprometidas implicará unha penalización na axuda que poderá supoñer ata o 100% da mesma si o nº de colmeas activas é inferior a 80.
- Tamén debe terse en conta que as alvarizas deben figurar correctamente inscritas no Rexistro apícola (A tolerancia para a validación das alvarizas é de 100 m en cada coordenada) para que sexan validadas.
- As coordenadas dun asentamento validado deben coincidir no recinto e parcela certificada polo CRAEGA para considerarse primables ou susceptibles de pago.

2.- Si hai varias alvarizas a distancia entre elas ha de ser ó menos 1 Km.

- Non se pagarán as colmeas de alvarizas sitas a unha distancia (medida en liña recta a través de coordenadas) inferior a 1km entre sí, ou dito doutro modo, as alvarizas que incumpran este compromiso nunca van ter colmeas primables nin se considerarán comprometidas
- Exemplo: Si dúas alvarizas se sitúan a 990 m. entre sí, non se pagarán as colmeas de ningún dos dous, e si por este motivo non se manteñen as colmeas comprometidas inicialmente producirase unha penalización nos restantes.



D.- Liñas de Base.

D.1.- BCAM 5- Xestión mínima das terras para evitar a erosión.

1.- Nas superficies que se destinen a **cultivos herbáceos** non deberá labrarse con volteo a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media exceda o 15%, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socalcos ou bancais.

2.- Nas superficies que se destinen a **cultivos leñosos** non deberá labrarse con volteo a favor da pendente da terra, en recintos con pendentes superiores al 15%, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante socalcos ou bancais, se adopten formas especiais de cultivo como cultivo en faixas, se practique laboreo mínimo ou de conservación, ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. No caso de existencia de bancais, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten á estrutura dos muros existentes.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación no caso de:

- Parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a 1 ha.
- Parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión no sentido transversal á pendente sexa menor a 100 m. en calquera punto da parcela.

Nas superficies con pendente maior do 15% que non estean nas excepcións do parágrafo anterior, permitirase o laboreo sen volteo e ou laboreo con volteo perpendicular a la liña de máxima pendente.

Debido a que o compromiso ligado a esta liña de base refírese aos cultivos herbáceos, no caso de darse o incumprimento da liña de base en cultivos leñosos penalizaríase polo incumprimento da liña de base, xa que en ningún caso podería existir incumprimento do compromiso.

D.2.- RD 1311/2012- Uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

Verificarase que nas explotacións beneficiarias das liñas suxeitas a esta liña de base se faga un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, tal e como establece o RD 1311/2012 e se describe nos puntos enumerados no anexo X da Orde de axudas.

O uso sustentable dos produtos fitosanitarios está relacionado cos seguintes compromisos:

- aplicar a normativa de agricultura ecolóxica (liña de Agricultura ecolóxica).

Os puntos a verificar na liña de base non son coincidentes na súa descrición e literalidade cos compromisos das mencionadas axudas. Por iso, o incumprimento da liña de base non implicará o incumprimento do compromiso. Isto da lugar a penalizacións independentes.

D.3.- Rexistro de tratamentos fitosanitarios.



Deberase manter un rexistro de tratamentos fitosanitarios de acordo co establecido no artigo 16 do Real decreto 1311/2012 e a Orde APA/326/2007 do 9 de febreiro.

Esta liña de base está relacionada co compromiso de manter o caderno de explotación na medida de Agricultura ecolóxica, polo que o incumprimento da liña de base dará lugar ao incumprimento do compromiso do caderno de explotación.

As penalizacións a aplicar serían as do compromiso do caderno (as maiores) considerando que:

- Non dispoñer do rexistro de tratamentos fitosanitarios, non ter os contidos da Orde APA e do RD 1311/2012 ou que este non estea cuberto implicaría a penalización do 100% da axuda do ano en curso; sería como non ter caderno de explotación.
- Non conter anotacións recentes (non estar debidamente actualizado) implicará tamén unha penalización.

E.- Causas de forza maior.

As causas de forza maior e circunstancias excepcionais son as que contempla o artigo 2.2 do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 decembro de 2013, sobre a financiación, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello, e que son as seguintes :

- Falecemento do beneficiario
- Incapacidade laboral de longa duración do beneficiario.
- Catástrofe natural grave que afectara gravemente á explotación.
- Destrución accidental dos locais gandeiros da explotación.
- Epizootia, ou enfermidade vexetal que afectara a unha parte ou á totalidade do gando ou dos cultivos, respectivamente, do beneficiario.
- Expropiación da totalidade ou dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que se presentou a solicitude.

O beneficiario ou o seu "dereitohabente" deberá notificar por escrito ó Fogga os casos de forza maior ou as circunstancias excepcionais, axuntando as probas pertinentes, no prazo dos quince días hábiles seguintes á data en que estea en condicións de facelo.

Para as medidas obxecto desta instrución (Agroambiente e clima e Agricultura ecolóxica) cando un beneficiario non puidera cumprir o compromiso por motivos de forza maior ou circunstancias excepcionais, o pago correspondente retirárase proporcionalmente durante os anos nos que se producira o caso de forza maior ou a circunstancia excepcional. A retirada afectará solo ás partes do compromiso para as cales os custos adicionais ou o lucro cesante non se produciran antes de que ocorrese a forza maior ou as circunstancias excepcionais. Non se aplicará ningunha retirada en relación cos criterios de admisibilidade e as demais obrigas, nin se impondrán sancións administrativas.



Non se esixirá o reintegro da axuda recibida en anos anteriores e o compromiso ou o pago proseguirán nos anos seguintes, de conformidade ca duración inicial.

F.- Erros manifestos.

Avaliados os datos das solicitudes destas axudas, considerase a necesidade de corrixir certos **erros manifestos ou erros obvios** nas mesmas, tendo en conta sobre todo, o carácter plurianual destas axudas e a importancia da anualidade de partida (ano de formalización de compromisos). En concreto, consideraranse como erros manifestos específicos destas axudas os seguintes:

1.- Cando na solicitude das axudas non figuren datos da entidade e/ou técnico de **aconsellamento** entenderase dita ausencia como un erro manifesto da solicitude. Consideraranse como tales, datos definitivos os que figuren no **Anexo X** remitido por cada unha das entidades de aconsellamento (salvo casos puntuais de cambios a metade de campaña, onde se verificará que todo o ano percibe un servizo continuado).

2.- **Solicitar Mantemento de Agricultura, Apicultura ou Gandería Ecolóxica cando o período de conversión finaliza despois do 1 de xullo de 2021 en tódalas parcelas/colmeas da solicitude.** (Para solicitar Mantemento, ó menos unha parcela/colmea ha de terminar a conversión antes do 1 de xullo de 2021).

Nestes casos actuarase de oficio cambiando a liña de Mantemento pola de Conversión trala notificación cruzada ca entidade certificadora.

3.-**Solicitar Conversión de Agricultura, Apicultura ou Gandería Ecolóxica en tódalas parcelas/colmeas da solicitude.** (Para solicitar Conversión, tódalas parcelas/colmeas teñen que terminar a conversión a partir do 1 de xullo de 2021 inclusive).

Nestes casos actuarase de oficio cambiando a liña de Conversión pola de Mantemento trala notificación cruzada ca entidade certificadora.

4.- **Solicitar erroneamente a liña de Xestión sustentable de pastos en vez de Extensificación do vacún de leite, ou viceversa.** Previa comunicación por parte do solicitante manifestando a intención de solicitar una liña de axuda diferente á solicitada e manifestando asumir los compromisos da mesma durante todo o período de la axuda (5 anos), consideraranse a súa petición.

Terase en conta que, atendida a súa solicitude de modificación de liña, **NON** poderá solicitar de novo o cambio á inversa, independentemente do resultado da verificación do cumprimento dos compromisos en calquera anualidade durante o período de compromisos.

Neste caso actuarase **sempre a petición do interesado.**

5.-**Solicitar a liña de Razas Autóctonas en perigo de extinción e non declarar ningún animal de ningunha das razas susceptibles de axuda.** Requirirase ao beneficiario para que corrixa este erro.



1. Indicios de falsidade ou fraude nas probas aportadas para acreditar os supostos indicados no último párrafo do artigo 11.6. c) en relación ca actividade agraria nos pastos.
 2. Declaración dun tipo de superficie ou actividade que non teña relación coa orientación produtiva da explotación.
 3. Reiteración en dúas campañas consecutivas dunha sobredeclaración significativa de superficie no expediente.
 4. Indicios de declaración intencionada de superficies nas que non se exerce actividade agraria no caso das situacións de risco establecidas en el artigo 12.
- C) No ámbito das axudas asociadas á gandeiría, poderanse considerar entre outras situacións:
1. Intercambio de ganado entre produtores con vistas a incrementar o número de animais potencialmente subvencionables para unha axuda.
 2. Variacións desproporcionadas do censo de reprodutoras en torno ás datas nas que se determina a elixibilidade dos animais, en relación ca actividade gandeira media da explotación ó longo do ano de solicitude, sempre que non sexa por causa de forza maior ou circunstancia excepcional.

H.- Exclusión das axudas e reintegro de importes percibidos.

O incumprimento de criterios/requisitos de admisibilidade distintos da superficie ou do número de animais, así como de compromisos ou outras obrigas, poderá dar lugar a Exclusión da axuda e ó reintegro dos importes percibidos en anualidades anteriores.

1.- Con respecto ós **criterios de admisibilidade**, en casos de incumprimento grave, falsidade, intencionalidade e negligencia, o beneficiario quedará excluído da mesma medida ou liña de axuda durante o ano natural en que se detectou o incumprimento e durante o ano natural seguinte.

Sempre e cando proceda, solicitarase o reintegro de importes de anos anteriores.

2.- En canto ó incumprimento de **compromisos e outras obrigas**, solo en casos de incumprimento grave, falsidade, intencionalidade ou negligencia, solicitarase o reintegro dos importes de anos anteriores (salvo que se puidera constatar o cumprimento en ditos anos ou xa fose penalizado). Ademais o beneficiario quedará excluído da mesma medida ou liña de axuda durante o ano natural en que se detectara o incumprimento e durante o ano natural seguinte.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2021

O subdirector xeral de xestión da PAC

Jorge José Piñeiro Mariscal





6.-Non se considerará un erro manifesto cando na solicitude de axudas NON figuren marcas nos recintos ligados a una liña de axudas.. Isto dará lugar a que **NON se considerarán ós mesmos como superficie indemnizable**.

No caso dunha solicitude cuxas marcas nos recintos ligados a unha liña de axuda dean lugar a que a superficie comprometida caia por debaixo da superficie mínima admisible para a liña solicitada, procederase á DENEGACIÓN da mesma.

7.-Non indicar variedade nos cultivos de horta. No caso das liñas de Agricultura ecolóxica (tanto mantemento como conversión), a ausencia de variedade dun produto hortícola dará lugar a consideralo como cultivo ó aire libre (variedade 100) excepto no caso de que o uso do recinto no que se solicita sexa IV (invernadoiro), que se considerará como variedade 101.

8.- Confusión entre as liñas do 2016 e as do 2017.

Entenderase un erro manifesto, a solicitude dunha liña da convocatoria 2017 cando o beneficiario teña aprobada unha liña de axuda da convocatoria 2016 e non teña presentado unha renuncia ou desistimento á mesma.

9.- Non considerar a marca de Pastos en Común en recintos declarados por Sixpac. Entenderase que os recintos declarados con codificación Sixpac, teñen un uso individual, polo que non se terá en conta a marca de "pastos en común" do SGA no caso de tela.

10.-Calquera outro erro na tramitación da solicitude que non se axuste ós apartados anteriores **NON se considerará erro obvio ou manifesto** e non se procederá de oficio a súa corrección.

G.- Creación de condicións artificiais (Anexo XV do RD 1075/2014)

De acordo co previsto nos apartados 1 e 3 del artigo 99 respecto ó plan nacional e rexional de control para cada campaña, poderanse considerar posibles casos de **creación de condicións artificiais**, as situacións recollidas na seguinte lista non exhaustiva de casos, que sexan recoñecidos como tal pola autoridade competente:

A) Con carácter xeral:

1.Falseamento ou ocultación de datos ou documentación

2. Impedimento do titular ou do seu representante a que se realice un control sobre o terreo.

3. Intento de retirar a solicitude por parte do solicitante, una vez que foi informado da intención de efectuar un control sobre o terreo ou cando a autoridade competente lle avisou da existencia de irregularidades.

B)No ámbito dos rexímenes de axudas baseadas en superficies: